

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Na Casa do Concello de Valdoviño (Salón de Sesiós) reúnese o día un de febreiro de dous mil dezaoto, a Corporación deste Concello para celebrar a sesión extraordinaria e urxente, que se convocou en data 31 de xaneiro por decreto alcaldía núm. 25/2018; con comenzo as dez horas e vinte minutos en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os/as concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández do (PSdeG- PSOE); don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL) e don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG). Non asiste, don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V).

Actúa como secretaria a titular do Concello, dona Carlota González Navarro.

O alcalde, sendo a hora sinalada apertura a sesión para tratar os asuntos contidos na Orde do Día da convocatoria, que se pasan a consignar e adoptándose os acordos seguintes:

ORDE DO DÍA

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.-

O Sr. Alcalde argumenta o carácter urxente da sesión, por ter que remitir á Deputación Provincial da Coruña en prazo (o primeiro prazo o día 2 de febreiro) resposta ás notificacións de requerimento que nos efectuou en relación ao POS Plus Adicional 2017 e POS + 2018 (Anexo III) e modificación de aspectos dos proxectos dos POS +2018 (incluídos no Plan complementario 2018 e no préstamo provincial 2018) cuxa denominación consta no punto 3º da Orde do Día.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión ratificou a urxencia da sesión.

2º.- APROBACIÓN DE DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA SOBRE PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 1/2018; NO QUE SE INCLÚEN FACTURAS DEIXADAS SEN TRAMITAR NO EXPTE. DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 5/2017.-

Na comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa da sesión de data 29 de xaneiro de 2018 informouse sobor da **proposta de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2018, no que se inclúen facturas que**

figuran en relación anexa (12 facturas e dous abonos de facturas referidas a gastos de xestión da edar no período comprendido entre a data 18/05/2009 ata 18/01/2010 e do período comprendido entre 18/06/2010 ata 18/12/2010 que ascenden a un importe de 95.710,04 € e 4 facturas de inversión doutros exercicios que suman un importe de 31.830,97 €. a dita relación inclúe facturas que xa foran incluídas na relación de recoñecemento extraxudicial 5/2017.

Proposta de Alcaldía:

“Aos efectos de elevar a sesión extraordinaria Plenaria a proposta de aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2018, no que se inclúen parte das facturas deixadas sin tramitar no expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 5/2017, en vista da celebración da dita reunión en data 29.01.2018, sométese a ditame da comisión informativa a seguinte o seguinte;

En data 15.07.2016 con rexistro de entrada nº 2016/2367 preséntase escrito por don Luis Morón Soto en representación da empresa Viaqua, Gestión integral de Augas de Galicia S.A.. No dito escrito fai constar que con data 08.05.2015 preséntase escrito de reclamación de débeda pola xestión da EDAR municipal durante o período comprendido entre o 18/06/2009 ata o 18/01/2010, adxuntando copia do dito escrito.

En data 10.10.2016 con rexistro de entrada nº 2016/1487 e 2016/1486 preséntase escrito por don Luis Morón Soto en representación da empresa Viaqua, Gestión integral de Augas de Galicia S.A. No dito escrito solicita o abono das facturas nº 224-8/12 F, 224-15/99 F e 224-26/1 F. Adxunta ao dito escrito copia das citadas facturas. En data 14.10.2016 presenta novo escrito en referencia a solicitude de recoñecemento e abono da factura nº 224-6/14F.

Remitida a dita documentación a intervención aos efectos que evacúe informe, solicita lle sexa remitida documentación en referencia aos expedientes de gasto, unha vez trasladada algunha documentación en data 21.10.2016 emite dous informes, en base aos ditos informes dítase resolución de alcaldía nº 509/2016 en data 24 de novembro de 2016, na que se resolve requirir á Viaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia S.A unha serie de documentación aos efectos de verificar a non prescripción do dereito a reclamar algunhas das facturas, requírese presentación de duplicados de facturas, toda vez non obran facturas orixinais no concello, informando das dúbidas que xurden en referencia a natureza da contraprestación referida e a correspondencia de repercutir IVE ou non, así como aos efectos de poder continuar coa tramitación e verificar a conformidade das facturas referidas a EDAR, solicitar a remisión sobre o rexistro horario dos equipos da EDAR (bombas, soplantes, etc) e sobre o consumo de reactivos toda vez durante o inverno do ano 2009, diferentes fenómenos meteorolóxicos ocasionaron importantes danos na estrutura e cuberta da EDAR, e en consecuencia dado o risco de derrumbamento a instalación estivo parada durante varios meses, logo previamente a conformidade das facturas debe verificarse que as datas facturadas non foron as de paralización da instalación.

Con posterioridade, en data 19/07/2017, reitérase a reclamación e verificase que a

resolución nº 509/2016 non fora notificada formalmente, aínda que se tiña comentado á representación da empresa a necesidade de efectuar unha serie de verificacións.

Indicar tamén que en data posterior (a finais do exercicio 2016), foi presentada a factura 224-5/16 F, emitida en data 23/11/2016 , referida a traballos de conexión do baño da praia a rede municipal, en base a acordo da Xunta de Goberno Local de 29/01/2014 na que se lle adjudicaba a obra indicada. Indicar que durante o mandato da actual corporación (entramos no segundo semestre do ano 2015), non foron realizados os traballos referidos, de efectuarse serían anteriores. Vista a data da emisión da factura parece derivarse un erro na mesma, vistas as datas de emisión de facturas que se establecen normativamente, e a estos efectos procedeuse a súa devolución. Indícase por Viaqua SAU, que a factura deriva de traballos anteriores ao 2016, pero que por erro non foi emitida nos prazos legais (actualmente non figura no rexistro contable de facturas pois consta a súa devolución ante a falta de correspondencia das datas e aclaración da data de realización do investimento).

En referencia as facturas de xestión da EDAR e as correspondentes a inversións antes indicadas, salvo as dúas últimas , constan solicitudes de certificados de débeda ao abeiro dos fondos de pagos a provedores e foron rechazadas no seu día por falta de constancia da presentación das facturas ou por carecer de conformidade para a súa tramitación.

En referencia as facturas correspondentes a investimentos, requirida documentación en referencia a acreditación da efectiva execución das mesmas, indicar que non constan documentos de acta de recepción , nin designación de dirección de obra ou certificación de obra executada.

Requerida documentación á empresa Viaqua e analizada a correspondente a datos técnicos referidos a datos para analizar si a EDAR estivo en funcionamento durante o período no que se emiten as facturas, a mesma foi presentada recentemente e analizado por persoal técnico da empresa GIGA entenden que nun pequeno intervalo do período facturado (un pouco máis dun mes) a EDAR non estivo en funcionamento, ao igual que plantexan que se podería ter sido indemnizada a empresa ao abeiro da póliza de seguro de responsabilidade que mantén en vigor en referencia a actividade económica desenvolta, e en consecuencia debe revisarse que non houbo cantidades de resarcimento durante a etapa de paralización da EDAR.

Debe analizarse coa documentación requirida si non ten prescrito o dereito de Viaqua SAU a reclamar o recoñecemento da obriga que derivaría das ditas facturas (formalmente non queda acreditada a interrupción da prescripción do dereito da empresa reclamante ao recoñecemento da obriga que deriva da factura cuxo duplicado consta de número de rexistro F/2017/3123 e cuxo importe é de 9.521,24 €, e no suposto da última emitida tamén verificar que non se ten perdido o dereito a repercusión do IVE, vista a tardanza na emisión das facturas, aínda que non consta a mesma na relación por ser devolta ata que se aclare o indicado.

Constando varios informes de intervención no expediente, nos que reitera a necesidade de adoptar unha decisión e resolver aos efectos de continuar coa tramitación das facturas ou devolver as mesmas (obriga da Administración de resolver) e aos efectos de non

perxudicar o dato do período medio de pagamento da corporación, e toda vez existe crédito adecuado e suficiente, e visto que tamén resulta necesario resolver sobre a conformidade ou non dos traballos facturados, para que a Diputación Provincial da Coruña aprrobe a solicitude de participación acordada por este concello en diferentes sesións Plenarias no Plan POS + 2017 ADICIONAL E POS PLUS 2018, toda vez consideran necesario incluír na relación de facturas pendentes de tramitar, aquelas que aínda que non contén con conformidades, fosen presentadas por rexistro de entrada de documentos coa antelación establecida nas diferentes bases.

Aos efectos de continuar coa tramitación do expediente de gasto que deriva das ditas facturas que se inclúen na relación de facturas de recoñecemento extraxudicial 1 /2018, resulta esencial que tanto en comisión como Pleno quede acreditada a conformidade/ou non conformidade coas prestacións- inversións realizadas pola empresa, nos períodos indicados, toda vez se corresponden con traballos obras que non foron realizados durante o mandato da actual corporación, en consecuencia deberá existir un pronunciamento específico, sobre a adecuada prestación dos servizos, verificar a efectividade dos servizos facturados, e adecuada facturación de importes. No suposto das obras igualmente debe verificarse por responsables da corporación que encomenda os traballos, a correcta realización das mesmas nos períodos indicados e si se corresponden cos prezos facturados, toda vez xa se ten comentado que en parte das reclamadas foron denegadas solicitudes de emisión de certificados de débeda.

Igualmente tendo en conta o informado pola intervención municipal, debe valorarse ou informarse sobre a posibilidade de revisión de acordos de xestión da EDAR, verificación da adecuada revisión de importes de actualización de prezos da prestación, toda vez os abonos determinan un importe que difire da evolución de prezos que se recolle posteriormente nas solicitudes de liquidación de exercicios posteriores, e que formalmente salvo erro na comprobación, non existe acreditación da interrupción da prescripción do dereito do contratista ao cobro do gasto que deriva do duplicado de factura co nº de rexistro F/2017/3123 de importe 9.521,24 €. Visto o informe da intervención tamén se debe adoptar unha decisión sobre si se efectúa consulta vinculante a AEAT sobre a correspondencia de repercusión do IVE, en referencia a xestión da EDAR. Visto o informe evacuado pola empresa GIGA, asinado por Juan Cagiao Villar, presentado en data 05/12/2017 e referido ao funcionamento da EDAR de Valdovino durante o período 2009-2010, no que conclúe; “ *Que tras revisar la documentación aportada por Viaqua y las facturas eléctricas, la instalación estuvo parada aproximadamente durante el período comprendido entre el 26 de enero de 2010 y el 22 de Julio de 2010*”, parece adecuado que se teña en conta aos efectos de verificar a conformidade das facturas presentadas.

Visto que existe crédito adecuado e suficiente para atender aos ditos gastos, no orzamento 2017, **PROPONSE**

PRIMEIRO.- Que se ratifique polos responsables políticos dos períodos facturados, a conformidade dos traballos e obras realizados e adecuada facturación de importes conforme ao pactado coa empresa , aos efectos de continuar coa proposta de tramitación do

gasto que derivaría do recoñecemento extraxudicial de crédito, tendo en conta ademais o establecido nos informes que constan no expediente da intervención municipal.

SEGUNDO.- Aprobar as facturas cuxa conformidade quede ratificada, e devolver aquelas nas que o dereito ao cobro do concesionario teña prescrito, e aquelas que non sexan conformadas.”

Vista a acta da sesión da comisión informativa na que se ditaminou sobor da proposta, **ELEVASE AO PLENO PARA A SÚA APROBACIÓN o ditame resolutivo:**

1º.- Aprobación da factura nº224-6/14F, (por importe 2.445,41 euros), e factura nº224-26/1F, (por importe 6.971,32 euros) a factura nº224-15/99F, (por importe 12.893,00 euros) por ser conformadas ao recoñecerse a realización dos traballos.

2º.- REXEITAR a aprobación da factura nº224-8/12F, (por importe 9.521,24 euros), por entender prescrito o dereito ao cobro do concesionario.

3º.- REXEITAR a aprobación das facturas e abonos comprendidos entre 18-05-09 a 18-01-2010, e as facturas e abonos comprendidos entre 18-06-2010 a 18-12-2010 en concepto da xestión EDAR, por non ser conformadas, por considerar que nalgún mes a EDAR estivo paralizada, e nos restantes os traballos de xestión non foron completos pola totalidade das prestacións establecidas, e en consecuencia, os importes non se consideran adecuados.

O Pleno ACORDOU en votación ordinaria e por maioría: Votos a favor do grupo municipal PP (4 votos) e abstencións dos restantes grupos asistentes á sesión: PSOE, BNG, CENVAL (8 votos):

PRIMEIRO.- Aprobación da factura nº224-6/14F, (por importe 2.445,41 euros), e factura nº224-26/1F, (por importe 6.971,32 euros) a factura nº224-15/99F, (por importe 12.893,00 euros) por ser conformadas ao recoñecerse a realización dos traballos.

SEGUNDO.- Rexeitar a aprobación da factura nº224-8/12F, (por importe 9.521,24 euros), por entender prescrito o dereito ao cobro do concesionario.

O Pleno ACORDOU en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (12 votos):

TERCEIRO.- REXEITAR a aprobación das facturas e abonos comprendidos entre 18-05-09 a 18-01-2010, e as facturas e abonos comprendidos entre 18-06-2010 a 18-12-2010 en concepto da xestión EDAR, por non ser conformadas, por considerar que nalgún mes a EDAR estivo paralizada, e nos restantes os traballos de xestión non foron completos pola totalidade das prestacións establecidas, e en consecuencia, os importes non se consideran adecuados.

3º.- APROBACIÓN DE CORRECCIONES NA DOCUMENTACIÓN DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS POS 2018, A INSTANCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-

A).- MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NA ENTRADA A VALDOVIÑO POLA CALZADA AC-566 (Plan complementario 2018)

Presentado por este Concello a documentación para participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2018”, recolleuse a notificación da Deputación Provincial de Referencia:

Asunto: Requerimento corrección documentación.

Data envío notificación: 22/01/2018

Nº rexistro saída : 201899900000426

Data notificación: 24/01/2018

Expte: 2017000019606 (POS+Complementario/2018)

MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NA ENTRADA A VALDOVIÑO POLA CALZADA AC-566

Nela indicannos que revisada polos servizos técnicos da Deputación a documentación atopáronse as deficiencias que se indican:

“Examinado o proxecto en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e demais concordante), considérase que debería ser corrixido de acordo coas seguintes consideracións:

- Tanto pola natureza do proxecto coma dos importes referidos a man de obra e instalación de equipos deberá clasificarse coma un subministro.

O artigo 6 do RD 3/2011 establece que “obra” refírese aos traballos de construción ou de enxeñería civil, que teña como obxecto un ben inmovible, do que se extrae que o proxecto de referencia ten maior transcendencia económica (29.938,59 € destinados ao subministro de materias e 4.362,56 € que se empregarán en man de obra), sen apreciarse un volume de obra civil ou de construción preponderante.

No anexo I do RD 3/2011, inclúe “a instalación de sistemas de alumeado” en edificios (que non fai referencia á esta instalación) e en obras (que segundo establece o artigo 6 do RD 3/2011, non é aplicable para este caso). No artigo 2 e nos Anexos I e II do RD 1627/1997, clasifícase as obras e o alcance das mesmas dependendo dos riscos, e que se terán en conta para as instalacións, independentemente, se é una obra ou un subministro.

O artigo 12 do RD 3/2011, sinala que “se un contrato contén prestacións correspondentes a outros de distinta clase atenderase en todo caso, para a determinación das normas que

deban observarse na súa adxudicación, o carácter da prestación que teña máis importancia dende o punto de vista económico”.

Segundo as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS +2018", no apartado 5.B.3.1.- Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas, establece que, para o caso de que un investimento conteña prestacións correspondentes en parte a obra e en parte a subministración, atenderase para a súa cualificación como un ou outro, á prestación que teña máis importancia desde o punto de vista económico, de acordo co artigo mencionado anteriormente.

- Deberase suprimir ou sinalar nas marcas comerciais a referencia ao termo “ou semellante”, segundo o que establece o artigo 117 do RD 3/2011.

- Na xustificación de prezos, deberanse incluír os custos directos e indirectos desagregados. Artigo 130 do RD 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, así como o que establecen as bases reguladoras do POS+2018, no capítulo 5.B.3.1.- Subministracións, apartado b).

- A unidade de obra definida no orzamento coa definición "Inspección da instalación por organismo de control autorizado", non será subvencionable, segundo o que establecen as bases reguladoras do POS+2018, no capítulo 5.B.3.1.- Subministracións, apartado b).”

Outorgandonos un prazo de 10 días hábiles dende a data de aceptación da notificación para subsanación das deficiencias e a súa remisión á Plataforma SUBTEL.

Feitas as oportunas correccións no “PROXECTO DE MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NA ENTRADA A VALDOVIÑO POLA CALZADA AC-566” (de xaneiro de 2018)

En base ao exposto, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

.- Aprobar o proxecto técnico de denominación : “PROXECTO DE MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NA ENTRADA A VALDOVIÑO POLA CALZADA AC-566” de Xaneiro de 2018 que contén unicamente as correccións que sinala a Deputación Provincial, permanecendo o resto do proxecto invariable respecto ao primeiro remitido.

.- Remitir certificado do presente acordo plenario á Deputación así coma o proxecto mencionado a través da Plataforma Subtel.

B.- CAMPO DE FUTBOL DE HIERBA ARTIFICIAL EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE (Préstamo Provincial 2018)

Presentado por este Concello a documentación para participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2018”, recolleuse a notificación da Deputación Provincial de Referencia:

Asunto: Requerimento corrección documentación.

Data envío notificación: 22/01/2018

Nº rexistro saída : 201899900000424

Data notificación: 24/01/2018

Expte: 2017000019539 (POS+Complementario/2018)

CAMPO DE FUTBOL DE HIERBA ARTIFICIAL EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE

Nela indicannos que revisada a documentación presentada atopáronse as deficiencias que se indican:

“Examinado o proxecto en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (RDL 3/2011, por el que se aprueba el texto refundido de la ley de contratos del sector público; art. 6 do CTE aprobado por Real Decreto 314/2006; demais concordante), emítase INFORME DESFAVORABLE por considerar que, para cumprir cos requisitos esixidos, deben ser corrixidas as seguintes deficiencias:

- Tal como establece o artigo 116.8 do RDL 3/2011, non se poden incluír nas prescricións referencias a “una fabricación o una procedencia determinada o un procedimieuto concreto, ni hacer referencia a una marca, a una patente o a un tipo, a un orígen o a una produccion determinados (...). Tal mención o referencia se autorizará, con carácter excepcional, en el caso en que no sea posible hacer una descripción lo bastante precisa e intelixible del objeto del contrato en aplicación de los apartados 3 y 4 de este artículo, y deberá ir acompañada de la mención «o equivalente»”.

. - De acordo co recollido no artigo 123.1.d do dito RDL, as partidas incluídas no presuposto deberán incluír a “expresión dos prezos unitarios e dos descompostos”. Así mesmo, no 130.1, 2 e 3 do RD 1098/2011, polo que se aproba o Regulamento Xeral da dita Lei de Contratos, o cálculo dos prezos das distintas partidas deberá facerse tendo en conta:

- Os costes directos e indirectos

- Se consideran costes directos: a man de obra, os materiais e a maquinaria, así como os gastos de amortización e conservación da maquinaria

- En consecuencia, o presuposto non debe conter partidas sen descomposición, agás as consideradas como partidas alzadas. E neste caso, hai que ter en conta que a base 5.8.3.1.d), parágrafo 5º establece que, no caso de incluír partidas alzadas, o seu importe non debe superar o 5% do orzamento de execución material do proxecto.

- Igualmente, no parágrafo 3º da dita cláusula, establécese que non serán subvencionables partidas “de natureza administrativa, como legalizacións, homologacións, licenzas, estudos, etc; nin honorarios profesionáis”. Entendemos, polo tanto, que o “Capítulo 11.1: Estudos topográficos” non debe estar incluído no orzamento do proxecto, por incurrir na dita circunstancia de non subvencionable.”

En base ao exposto, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

.- Aprobar o proxecto técnico de denominación : “PROXECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE CAMPO DE FUTBOL DE HIERBA ARTIFICIAL EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE”

de Xaneiro de 2018 que contén unicamente as correccións que sinala a Deputación Provincial, permanecendo o resto do proxecto invariable respecto ao primeiro remitido.

.- Remitir certificado do presente acordo plenario á Deputación así coma o proxecto mencionado a través da Plataforma Subtel.

Non obstante o Pleno acordará o que estime máis convinte.

Valdoviño, 30 de xaneiro de 2018

O Alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

Sen máis asuntos na Orde do Día, e cando son as once horas e quince minutos a sesión chega ao seu remate e queda levantada polo Sr. Alcalde-Presidente. Do que como Secretaria municipal, DOU FE do acontecido con esta acta.

V. e Pr.
O Alcalde,

A Secretaria,